

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN UD 1. Números racionais e irracionais UD 2. Proporcionalidade numérica UD 3. Polinomios	2.ª AVALIACIÓN UD 4. Ecuacións e sistemas UD 5. Perímetros, áreas e volumes UD 6. Semellanza. Aplicacións	3.ª AVALIACIÓN UD 7. Funcións UD 8. Gráfica dunha función UD 9. Estatística e probabilidade
--	---	---

LIBRO DE TEXTO: Matemáticas Enseñanzas aplicadas. SERIE SOLUCIONA.
PROYETO SABER HACER. Editorial SANTILLANA
ISBN: 978-84-680-4006-6

O seguimento das clases pode seguirse desde a aula virtual do IES de Mugardos:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/aulavirtual/>

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Tamén deberá ser integradora, e deberá terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de maneira diferenciada a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

A avaliación basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. Na última proba de cada avaliación, poderá preguntarse ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento.

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutorización. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Obtención da cualificación

Probas escritas	75% (30% controis e 45% exame avaliación)
Traballo persoal e/ou proxectos	20%
Cálculo mental	5%

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**, aplicando en todo caso o redondeo de decimais ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

A máis alta entre a nota da terceira avaliación ou a ponderada seguindo os pesos seguintes: **1ª avaliación: 25 %**, **2ª avaliación: 35 %**, **3ª avaliación: 40 %**, será utilizada para calcular a nota final do seguinte xeito:

----- A nota referenciada no párrafo anterior ponderará un 90% na cualificación final.

----- As diversas actividades e/ou probas que sexan feitas no período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final contarán un 10% na cualificación final.

Se existe alumnado que non supere a materia con esta ponderación deberá facer un exame final de toda a materia e terá que superalo con nota maior ou igual que 5 puntos, aplicando en todo caso o redondeo de decimais ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media. Do mesmo xeito, se existe alumnado que desexe mellorar a súa nota, poderá presentarse á proba final, tendo en conta que a súa nota será a obtida nesa proba escrita.

No caso de detectar que se copia nun exame retirase o exame inmediatamente e darase a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida **podería** aplicarse cando un alumno/a non asista ao exame de avaliación.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas:

El diablo de los números

Autor: HANS MAGNUS ENZENSBERGER

Editorial: EDICIONES SIRUELA

ISBN: 8478444335

Tipo: Novela/Historia

Lectura desde internet:

<http://www.librosmaravillosos.com/eldiablodelosnumeros/index.html>

El asesinato del profesor de matemáticas

Jordi Sierra i Fabra

Editorial: Anaya

Colección: El duende verde

ISBN: 8420712868

Tipo: Novela/Resolución de Problemas

Disponemos de 1 ejemplar na Biblioteca do IES

Matemática demente

Autor: Lewis Carrol

Disponemos de 2 ejemplares na Biblioteca do IES

Alicia en el país de las matemáticas

Autor: Lewis Carrol

Disponemos de 1 ejemplar na Biblioteca do IES

Cuentos del cero

Autor: Luis Balbuena

ISBN: 84-96566-18-8

Editorial: Nivola

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Cifras e Letras, Día de pi, Open Matemático, etc.